

AS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS PROTAGONISTAS DO "EXPOLUGO MOSTRA GANDEIRA 2015"

Os días 3 e 4 de outubro e con motivo das festas de San Froilán, celebrouse en Lugo outra edición da feira *Expolugo Mostra Gandeira 2015*, no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo celebrouse un desfile de gando autóctono polo centro de Lugo coa participación de dous exemplares, macho e femia da raza Galiña de Mos, unha femia de Ovella galega e unha femia de Cachena e mais a súa cría (fotografías no pdf adxunto).

DESFILE DE GANDO AUTÓCTONO POLO CENTRO DE LUGO COA PARTICIPACIÓN DE EXEMPLARES DAS RAZAS GALIÑA DE MOS, OVELLA GALEGA E CACHENA.

Un galo e unha galiña de raza Mos, unha femia de Ovella Galega e unha femia e a súa cría de raza Cachena, participaron no desfile de gando de San Froilán en Lugo o pasado día 3 de outubro. A partir das 12 do mediodía desfilaron polas rúas do centro de Lugo. Tanto a femia de Ovella Galega coma o Galo e Galiña de Mos, foron transportados nun remolque. Da mesma forma foi a femia de Cachena coa súa cría noutro remolque transportado polo seu dono, ata que chegaron á praza do Concello onde se presentaron e expuxeron raza por raza. A expectación foi grande, pois este ano ademais da raza Mos e da raza Ovella Galega participaba por primeira vez a raza Cachena.

O desfile foi posible grazas á colaboración e participación dos donos dos exemplares das razas Mos, Ovella Galega e Cachena.



EXPOSICIÓN PROVINCIAL DAS RAZAS CACHENA, CALDELÁ, VIANESA, OVELLA GALEGA E CABRA GALEGA, NO QUE PARTICIPARON DEZ CRIADORES E UN TOTAL DE 35 ANIMAIS.

A exposición provincial de razas autóctonas comezou o sábado día 3 de outubro coa visita da Directora Xeral de Producción Agropecuaria, Patricia Ulloa, quen inaugurou o Expolugo 2015 mostra gandeira visitándonos.



Na exposición provincial participaron criadores con exemplares das razas Cachena, Caldelá, Vianesa, Ovella Galega e Cabra Galega.

A continuación móstranse imaxes dos exemplares de raza autóctona.



Exemplares de Vianesa



Exemplares de Cachena



Exemplares de Ovella Galega



Exemplares de Cabra Galega



Exemplar de raza Caldelá

III CONCURSO-EXPOSICIÓN MONOGRÁFICO PROVINCIAL DA GALIÑA DE MOS, NO QUE PARTICIPARON NOVE CRIADORES E UN TOTAL DE 42 ANIMAIS.



No concurso provincial da raza, os resultados foron os seguintes:

Na categoría de galos:

1º premio, galo propiedade de Roberto Raposo Díaz, de Pedrafita do Cebreiro.

2º premio, galo propiedade de José Luis Freire Castedo, de Pol.

3º premio, galo propiedade de Javier Álvarez Cela, de Becerreá.

Na categoría de galiñas:

1º premio, galiña propiedade de Javier Álvarez Cela, de Becerreá.

2º premio, galiña propiedade de Luis Fernández Fernández, de Riotorto.

3º premio, galiña propiedade de José Luis Freire Castedo, de Pol

MERCADO ALIMENTARIO DE RAZAS AUTÓCTONAS



Coa participación de 5 criadores das razas Cachena, Vianesa e Galiña de Mos, promocionando os produtos cárnicos e ovos procedente de animais das súas explotacións, onde expuxeron os seus produtos as marcas comerciais "Aves do Concello", "Chousa do Lea", "Cachenas de San Breixo" "Ganado de Lemos" e "Ramón Vázquez"

DEGUSTACIÓN DE CARNE DE AUTÓCTONAS DAS RAZAS CACHENA, VIANESA E GALIÑA DE MOS.

O domingo 4, houbo degustacións da carne e os ovos das nosas razas autóctonas organizado polos técnicos de Boaga e mais polos criadores que participaron no Mercado Alimentario de Razas Autóctonas . As seguintes imaxes mostran o éxito das xornadas.



Galo de Mos estufado e Croca de tenreira Cachena á prancha



Ragout de Cachena, xarrete estufado e hamburguesa de boi de Vianesa



Criadores que organizaron e participaron no evento



O éxito foi rotundo e houbo gran afluencia de público que puideron degustar as distintas exquisiteces da carne das autóctonas.

Grazas a tódolos criadores por participar no Expolugo 2015.